



TAIBOIA REDONDA

SUPLEMENTO CULTURAL

COORDINA: JUAN SOTO.

Con a novela *A canción do vagamundo*, o escritor lugués Lois Diéguez ven de acadar a premio "Eduardo Blanco Amor", o máis importante de cantos se convocan en Galicia. *A canción do vagamundo* —da que TAIBOIA REDONDA

publica hoxe unha parte, gracias á xentileza do seu autor— refrexa a loita pola vida dos membros dunha familia sometida ás noticias manipuladas dos medios de comunicación.

Inédito de A CANCIÓN DO VAGAMUNDO, de Lois Diéguez

Aparvado, volve os papeis aos caixóns, máis un, pequeno, como unha nota que se escribe para pasar a alguén, amarelecido polo tempo, fica prendido entre os dedos grosso e indicador da man dereita. Ten unha letra gasta, esvaída, sua, firme aínda, pero sen sinatura. Cobre case todo o papel de grande que é. O medo non o deixa reparar no boa escrita dos seus anos mozos que agora louvaria con señardade. Rogelio Salgado nunca va a misa. Es ateo. No di máis, pero o Roxélio Salgado ocupa agora o centro da luzada e bota unha gargallada longa e seguida, leda e forte como os seus poucos e rebeldes anos. Roxélio Salgado está diante da igrexa falando coa xente que vai saindo. El xamais entra, agarda ali, sentado encol do muro de pedra que arreda o adro dos prados dos veciños, liando un grosso pito. Cando soa a campaiña por tres veces dispónse xa, ordenando os papeis que garda nunha carpeta e lellos á xente que se arremuiña ao seu redor. Ao cruzar o tío Leandro sempre di algo dos militares, algo malo, e vota un Vila la República y los republicanos que o alporiza. Anda con tino, Salgado, anda con tino que os tempos non che veñen bos. Pero él sempre foxe, non atura as palabras endiañadas e agudas do Roxélio, e menos que lle vaia facendo perder autoridade diante dos feligreses, que se dividen entre os dous e que o defenden cando él o critica desde o púlpito.

Pero aquel día, en vez de coller polo carreiro que leva directamente á rectoral, métese entre a xente o coas meixelas rúbias e os puños a lle zoar perto do seu nariz, espétalle, máis che valse dormir polas noites e deixar caladas as campás, ¿non sabes que unha está a piques de fender? O Roxélio Salgado deixa por un momento os papeis e amosa os dous dentes de ouro que escintilan como luceiros, ande, señor, ande, que non lle fai mal a ninguén escoitar as campás no vispota da festa. E digo eu que iso non está reñido coa troula, ¿non si? Pero tes que me pedir permiso, ¿quén cho deu? O bispo, resposta axiña o Roxélio, que é máis ca vosté, e a xente bota a rir, até as beatas que miran medoñentas para un e outro como se estivesen a ver un partido de pin-pon. Andasme a alporizar a parróquia e iso non cho pode permitir, ¿entendes, Rogelio Salgado?, e mentres llo di acorda o fato de mozos que xa non enchen a igrexa e quedan con el no adro. Cada domingo vai a máis, rindo cos contos obscenos mentres a xente garda silencio á hora de alzar. O pensar é libre, meu vello, libre como estas almiñas que vosté mal goberna.

Podía aturar calquera cousa menos a compasión dos feligreses, mesmo o do Dona Asunción, tan relixiosa ela e con tanta lei, que en canto principiaban co tema da sua angúria botaba a rir que case non podía parar. Despois pedíalle o perdón, pero é que o demo do Rogelio tentanta chispa... Así que non o dubidara.



Lois Diéguez

Aproveitando a visita da parella que por aqueles días andaba máis a miúdo pola parróquia, non sabía se polo roubo dunha vaca como se comentaba, ou por casusas máis relacionadas con xente de pensamento republicano, como axiña comezou a dicer o mesmo Salgado. Convidounos a tomar un vaso e denuncioulles o toque das campás ás tantas da madrugada. Causoulle anoto o súpeto interese da parella polo Roxélio, ¿e logo como é, amólaio moito?, seica non fala ben da Benemérita, din que tivo que ver co asalto que houbo a semana pasada ao Cuartel, claro, xa lle ven de familia, o pai foi o xefe dos roxos da comarca..., ¿así que tampouco vai á misa? Mire, o mellor será que nos mande unha nota.

Pasou a tarde dando voltas entre o prado e a aira, lendo nunha revista que acabara de recibir, pero cando se decatara xa o maxin se lle perdía nos rostos colorados da parella ou no riseiro do Salgado. A pencha contra él fíxolle escribir a nota que agora, milagreiramente, tiña nas suas mans como un ferro ardente, e o interese sobexo da parella, aqueles ollos de cobiza que lle puxeran tronadas na alma, fíxolle rachar o papel aló pola noitiña, metido no seu despacho como se fuxise de algo. Iso creía, pois agora, a certeza da nota entre os seus dedos tremosos, amosaba un fallo do acordo ou unha xogada do subconsciente, e xa non foi quen de

de saber o que acontecera realmente para deixar o informe agachado entre as follas dun libro de rezo que dificilmente alguén podería abrir. ¿Quería que Roxélio Salgado fose castigado? Había tantos anos...

O Roxélio Salgado pasea pola aldea amosando un torso musculoso, pero aínda co sangue callado por baixo do peito esquerdo e pola van, tamén polas costas. Amóstrallo a él sentado nun toro da aira da rectoral mentres, sen perder o riso, algareiro, bérralle, tivéronme tres días, Don Leandro, e todo pola merda de tocar un bocado as campás.

Os mozos deixaron de ir á igrexa. Agora Don Leandro agarda cada noite co medo metido no corazón a que soen as campás. A parella, contra o seu parecer, fai guarda agachada por tras dos loureiros que hai no portalón da entrada, os que dividen o cimetério do adro. Ninguén ve nada entre as sombras e as luces que o luar pinta no companario. Pero as campás, tantalalán, tan-talalán, espallan o seu son polo ar ceibe da aldea, e a parella foxe ás alcançadas polos prados que levan á estrada vella.

O Roxélio Salgado faille unha visita todos os días e pergúntalle morto de risa se a noite pasada tocaron as campás. El óllao con tristura e quérulle falar, máis cando se vai enfoutar, pónselle

un proído na gorxa que lle fai calar a boca. Aínda pode máis a carraxe e a pencha producidas pola garridez do mozo e acaba por lle dar as costas para se meter no despacho a rezar, non sabe se polo outro ou por él mesmo. Cando amudecen, ao fin, as campás, repara na falta da escopeta de caza. Os tempos van revoltos. Diante do Goberno Civil da capital librase unha batalla a morte e a todos os momentos está a perguntar polos resultados. Algún cura ten sido asasinado e queimada a sua igrexa. El trema e esperanzase ao se enteirar da caída escalonada dos Gobernos Cívicos e Alcaldías do Frente. Prepárase para recibir a munición da sua mesma escopeta a pesar de pechar todas as noites, en canto escurece, portas e xanelas. Polo día anda cunha pistola agachada nun peto da camisa cosido a mantenta. Levar, levaránme, dille á criada, pero aínda ha ir un diante de min. Os mozos da parróquia desapareceron todos e, como non, o Roxélio Salgado. Isto vólvelle a raiba de saber definitivamente que a sua autoridade é nula. Dona Asunción fíxelle, pero outra xente vaille pedir algo arreo.

Aos poucos días aparecen o Roxélio Salgado e dous mozos máis e con iso váiselle o medo, abandona a pistola porque o Roxélio e máis os compañeiros aparecen na cuneta da estrada vella mesmo por baixo da rectoral, apenas a dous centos

metros. O Salgado está nu, coas suas partes cortadas e metidas na boca, con queimaduras nas prantas dos pés e nos peitos. Ten os ollos abertos cara un ceo chumbento e triste, e aínda unha faísca riseira e picara en cada meniña, mesmo unha gargallada na fror dos labres. A poucos metros del atopan cun tiro no entrecello a un dos da parella vestido de paisano. Os seus ollos meten pavura no corazón. Entre o espácio que os rodea din que estaba a escopeta do tío Leandro.

Agora Don Leandro xa non pecha portas e xanelas e anda a axudar á xente pola parróquia. Quere ter que facer arreo como se tentase fuxir do pensamento que o aboura. Pero as noites tráenlle outro cantar. Xustamente ás doce comeza a zoar o vento por baixo do seu cuarto. Dalí brinca até os loureiros e o alcipreste que garda a igrexa, e logo até o campanario. Tantallalán, tan-talalán, as campás tocan amodiño cun son choroso que fica a ecoar. Primeiro a campá leda, despois a campá triste. Tan-talalán, tantallalán, Don Leandro mete a cabeza por baixo da almofada, mais aló chega o tanguido como se él mesmo fose quen as tocasse. Don Leandro camiña polas amplas estancias da rectoral alumándose cun candil a criar sombras que van e veñen, sen deixar de repetir, amóstrate, Rogelio, amóstrate dunha vez. A parróquia enteira agarda cada noite os berros de Don Leandro e a luz que vai percorrendo todas as xanelas, pero ninguén se achega porque o espírito do Roxélio Salgado toma vinganza na casa rectoral. E aínda despois do traslado ten medo a pasar as noites perto da igrexa e queda a vivir na cidade unha tempada.

Un retazo de nóboa vai levando a luzada até deixar o cuarto ás escuras. O tío Leandro arreguizase. Olla para o papeleño que segue apreixado nos seus dedos o mesmo sente o tanguer das campás misturado coa risa do Roxélio Salgado. Entón vólvese para o Cristo e entende o aviso que acolle como unha ameaza. ¿Cómo podes xogar cun condenado? ¿Cómo podes valerte del para castigar a miña pouca fe? Pensa que a do Doce Nome tampouco vai pedir por él, e co corazón nun puño mete todo nos caixóns e estende o rosario, ponse de xionllos e comeza a pregar.

Cando o Xoan entra no cuarto ao anoitecer aínda está de xionllos, pero arrimado contra a parede da galería cos ollos cerrados e os labres a se mover imperceptiblemente. O susto que leva non é pequeno. Váiselle achegando no bico dos pés como se temese despertalo, pero non pensa nisto senón na posibilidade de algo máis definitivo.

—Tío Leandro...

Ao velo non fai máis que estarricar os brazos con esforzo, amosarlle o rosario que queda abalando no ar e dicer con voz tan feble que case non sente:

—Rezade o rosario todos os días.